



Cabalgata de Reis Sada 2017

Estimados veciños e veciñas;

Un ano máis celebramos a tradicional Cabalgata de Reis contando coa inestimable colaboración dos máis pequenos. É un día de moita ilusión e nerviosismo contido. Os nenos e nenas están desexosos de que as Maxestades de Oriente cheguen ás súas casas e o feito de participar no percorrido polas rúas de Sada altera un pouco máis o seu estado de ánimo.

Dende a Concellería de Cultura e Praias, pretendemos que esta cita sexa o máis lúdica, festiva e chea de ilusión posible. Pero en todo momento poñemos en primeiro lugar a seguridade dos figurantes e do público que vai a asistir. É por isto que pregamos a vosa colaboración para que a actividade se desenrole sen ningún incidente.

Sabemos que hai o costume de acompañar ás carrozas, pero recomendamos que non se faga. Estarán escoltadas por persoal de seguridade para evitar que nenos e maiores poidan sufrir un accidente. E o feito de que haxa persoas que camiñen ao par da Cabalgata pode dificultar esta laboura.

Polo que recomendamos encarecidamente que non se camiñe ao par das carrozas.

Sen máis, recibide un cordial e afectuoso saúdo, e que teñandes un fantástico 2017;

María Pardo Fafián
Concelleira de Cultura e Praias